

ALEJANDRO DA JANDRA E O TRANSPERSOAL GALEGO:
REFLEXIÓNS AO CARÓN DUN EU LÍRICO EN PROCESO DE
DESCOMPOSICIÓN EXPRESADO DUN XEITO OTERIANO

FRANCISCO JOSÉ FRANCISCO CARRERA

GRUPO DE INVESTIGACIÓN TRANS-REAL LAB
UNIVERSIDAD DE VALLADOLID

Límite primeiro

Nacín en Valladolid, iso é un dato obxectivo dunha biografía, coma todas, chea de datos subxectivos ou, mellor, subxectivados. Porén, sempre fun o fillo da galega, miña nai, Felisa (que ela sempre dicía en aqueles anos da miña nenez debía ser chamada Felicia, que amais soaba máis belo e máis galego), e dalgún xeito isto deixoume intrigado para saber qué era aquela galegitude que unificaba os corazóns dun fillo coa súa nai. Un pensaba por aquel entón de xeito cromático (costume este de moitos nenos) e asociaba Galicia a cores frescos: o verde monte, o azul ceo, o gris prateado do mar. Logo a realidade dáballe unha labazada ao rapaz “case que galego” cando se ía facendo maior e, por exemplo, viaxaba dende Valladolid até Ourense, e ao ollar pola fiestra do autobús ollaba amarelos, dourados, vermellos a un tempo. Cores estes, pensaba, de Castela. Castela a Vella, como se chamaba na súa nenez. E logo estaban as meigas, as filloas, a Santa Compañía e outros tópicos non tan tópicos. Pero era unha sensación estraña para min coma neno, fillo de galega e sendo nacido e vivido na meseta castelá. Digamos que non era “cool”, como din máis modernamente, o sentirse un propio como galego alí, e por iso eu sentíame así, coma moi galego, e por ir contracorrente, a verdade, xa que gústame ser ovella negra e xa que herdei da miña nai unha certa



vontade de abismo e rebeldía (“o demo negro” a chamaban as veces na súa familia para indicaren o inconformista que chegaba a ser).

E como a miña primeira e máis fonda relación có galego foi cunha muller “rebelde”, eu asociei o galego ao poético, ao aventureiro e ao inconformista.

Non é que importe moito de onde somos, acaso importe qué somos ou máis ontolóxicamente se somos conscientes de que somos, de que estamos sendo e xa en xeito segundo, acaso, baixemos até o que somos e incluso até o para qué somos ou o por qué somos. Xa é bastante ser fundamente. Ser sen máis. Ser sendo, aceptando que a seidade zubiriana ou heideggeriana recobre cada poro do ego, cada baleiro da alma que quer ser algo máis do que xa, en verdade, é. Un chisco ao fio desa corrente espiritual e de pensamento que é o Advaita Vedanta e que tan ben acontece modernamente en autores tais como Morilla (2011), Parsons (2008), Liquorman (2005) e Kersschot (2005). Esa seidade unifica esvaecendo fronteiras pero á vez indica iso mesmo, as fronteiras, os límites, non coma se fosen separación se non coma transgresión, coma momentos de paso e comunión.

Estas primeiras reflexións do meu pasado, das miñas primeiras lembranzas con ‘o galego’ lévanme cara outras partes, México, por exemplo. E alí, ou ben á través de alguén de alí, descubro a un galego-mexicano ou un mexicano-galego (a orde dos factores aquí pode alterar ao produto polo que me manteño en certa indefinición ao respecto), un pensador de raza, un pura sangue das letras. Falo, por suposto, de Alejandro Da Jandra. Antes de seguir é convinte lembrar que vou considerar a Da Jandra como un pensador híbrido mexicano-galego por conveniencia biográfica, o cal agardo que non incomode a ninguén. Con elo quixera enfatizar a hibridación que sinto perante a obra da que me estou a ocupar nesta ocasión, algo que –por outra banda– se manifesta na súa capacidade para transcender xéneros literarios e discursivos.

Un propio, ás veces, entra en algunhas obras e chega a se recoñecer como parte delas, séntese na súa casa, pero non dun xeito cómodo,



iso pode ser aburrido, por compracente. Non. Recoñécese dun xeito basal, telúrico e primordial. Entra, entón, en conflito consigo mesmo ao través da lectura do autor en cuestión. Isto foi precisamente o que ten pasado ao viaxar entre as liñas do autor de *Huatulqueños*. O certo é que, ao seu xeito, Da Jandra foi quen de me reencontrar có meu *eu* galego. Ese eu perdido ou esquecido.

A obra de Da Jandra revisitada

Ben. É importante sinalar que este breve ensaio deixa fora da súa ollada á obra literaria do autor que nos ocupa. Por mor son dous os textos nodais nos que me vou a centrar na procura do galego transpersonal a través dun diario “mexicano” e unha obra “filosófica”. Me estou a referir, a *La restauración de la utopía. Diarios 1999-2012* e á *Filosofía para desencantados*. Ámbalas dúas, polo tanto, semellan estar en polos opostos, a vida e o pensamento, a natureza e a cultura. Qué dubida cabe que isto non é así de simple. Porén, desexo xogar con esta estrutura unívoca no dual, deixando fóra da imaxe o terreo intermedio entre a vida e o pensamento, que está ocupado pola obra de ficción, coma un micro-universo ou formación dun mundo coas súas regras propias, inserto nun meirande mundo có que se está a relacionar dun xeito próximo.

Dito isto, non podoo evitar a contradición evidente que mina o meu discurso de carácter organicista e por mor diso teño de descender un chisco, capa a capa de significatividade, para tentar unificar os fíos. Isto é así xa que se ten a sensación, ao ler os diarios do filósofo aventureiro (o que supón unha obviedade; todo verdadeiro filósofo ten de ser iso, todo verdadeiro aventureiro é, por forza, filósofo; pensar é aventurarse no máis aló e acaso ollar o máis acó coa roma e fonda intensidade do absoluto que reclama, por un instante, o particular) de que a vida é unha ficción, de que o seu personaxe é propio do universo de Juan Rulfo, do Sur violento e ancestral de Faulkner. Tal é a intensidade do real, que se nos impón, arrinca anacos da alma ao lembrarnos que isto é en serio, que a vida “vai de verdade”. Como se



pode ollar, esta división cómoda da que me estou a servir (vida - ficción - pensamento) é simplemente un xogo de espellos e a elo recorro procurando certo grado de diafanidade nas miñas verbas.

Sen embargo, primeiro de nada quero comezar mencionando unhas palabras do autor mexicano-galego que non pertencen ás obras obxecto de reflexión deste texto. Da Jandra insiste co resiliencia en “rachar a asfixiante membrana do academicismo” (2005: 279) e isto é así, por riba de todo, nos seus escritos de maior índole académica. Por iso a súa escrita é unha escrita do límite, ven a debuxar marxe tras marxe. Marxes que a un tempo aceptan a pulsión do centro. Por mor diso, ao ter que mediar entre o centrípeto e o centrífugo, a obra de Da Jandra configúrase nunha figura propiamente espiral, que xira cara un centro de meirande fondura, pero un centro que está sempre alonxado e por iso torna en marxinal. O central non é estático aquí, é dinámico e celebra o conflito e a dificultade, un pouco como fai Pánikes (2008). Este último ven a celebra o noso tempo como aquel que festexa o complexo e a dificultade de xeito especialmente positivo.

Precísase ter en conta, cando o lector se achega aos textos dajandrianos, que un ten que estar afeito ao conflito ou a lo menos admitilo como algo nutritivo. Se esta conflitividade nace do galego ou do mexicano pouco importa, xa que ao fin é algo que tingue ao humano, que alenta todo o tendente ao equívoco e ás manifestacións culturais. Pero todo estes símbolo son fermosos. Detrás deles está o rostro do rostro, como din no Zen. A iso un é que de chegar tralo satori ou comprensión do símbolo, a través do artificio sacro do rito.

A restauración da Utopía e Filosofía para desencantados

Da Jandra filosofa cando vive e viceversa. Por mor diso, coido, estes dous textos que se insiren en polaridades xenéricas ben distintas, ao fin e ao cabo, falan do mesmo. Do que é. Do que é e o que, con maior urxencia, está sendo. A pesar de que unha utopía é un no lugar, de aí a súa etimoloxía, a posibilidade de falar diso fai que se presente dende unha óptica de realidade posible. A pesar de seren un relato en primeira persoa e de base tamén persoal, un le os diarios de Da



Jandra como se estivese a ler un tratado filosófico. Agora ben, cheo de historias particulares, anacos tomados dunha vida que leva, seu eu filosófico a extrapolar constantemente fundamentacións máis aló da mera opinión. E cando topámonos con opinións, nin son superficiais nin son superfluas.

Esta mesma vontade, a partires doutro discurso, é o que predomina en *Filosofía para desencantados*. Se ben aquí a lóxica condutora transita por unha canle máis racional propia dun libro filosófico. Entón, a estruturación de ideas vai ser moito máis marcada. Nos diarios topámonos nunha selva, agora chegamos a un edificio coas súas escaleiras e as súas estancias ben delimitadas. Porén, en Da Jandra non todo é o que semella.

O lector pode chegar á mesma conclusión ao ler ámbolos dous escritos: á utopía. Esta, de ter sentido, vai ser persoa e se fundamentará en pequenos grupos, ou se cadra non será. Isto é o que produce un alto grao de incomodidade ou incluso de anguria, pois Da Jandra non dubida en sinalar o seguinte:

“En franca divergencia con el neopragmatismo de Rorty, yo me atrevería a aventurar que la libertad no es principio sino punto de llegada, una meta que sólo puede ser alcanzada en base a una integridad indeclinable, una sinceridad incondicional y una lealtad irrenunciable a los principios y valores que hacen posible toda forma armoniosa de civilidad. Se trata, claro está, de una exigencia de perfección perfección prácticamente inalcanzable en la civilización actual; un estadio aún futuro de sociabilidad donde el autocontrol y la conciencia sociocéntrica hagan aborrecible el odio entre los individuos y la guerra entre las naciones” (2014, p. 74).

Esta reflexión semella tamén estar no seu diario. O pensamento, de novo, e a vida, se manifesta dun xeito diferente pero apuntando cara á esencia común do humano. E dende aí, dende o persoal, uno se pode proxeccionar cara o transhumano e o transpersoal. A pesar do paradoxal do movemento que estou comentando, temos unha grande lóxica operante aquí. Cando dous espazos son delimitados por unha fronteira,



esta adquire un novo estatuto ontolóxico e se configura como espazo dual, coma espazo híbrido e mestizo. Así, falar do transpersoal adxectivo por algo tan persoa como o adxectivo galego amosa a un tempo a transcendencia e o contido, sinala a disolución no transpersoal dende un punto de identidade persoal. É unha fronteira da fronteira, por así dicir.

O galego transpersoal

O transpersoal, lembro, dicía Descamps “está máis aló do ser humano, ultrapasa a idea de persoa” (2010, p. 19). Pois isto semella remitir a esa típica melancolía que é moito máis que melancolía galega, á morriña. En certo xeito esta fai que un lembre á súa patria, fogar primeiro. Así, nesta viaxe a esa terra uno se perde para volverse á atopar có primeiro que nos fixo agromar e por no mundo. Así, entendo, esa morriña é, dende esta perspectiva, transpersoal. Supera os límites persoais para abrirse cada un espazo do irreal actualizado no real. O mesmo, creo, acontece, ao entrar nos diarios de Da Jandra. Por mor diso, coído, participan disto que agora estou dicindo. Un sinte iso, morriña, de ter estado alí, de ter observado ou incluso de ser outro. Esa necesidade unifica fios alonxados da mesma marioneta inzada por tantos e tantos pulos. A lo menos ata que o xogo remate, inda que o final do mesmo será outro xeito de voltar a comezar a xogar. Tamén temos a morriña na súa proléptica ollada do utópico como o tempo que ten de vir, en botar de menos o que inda non se coñece pero un é quen de intuír. Dalgún xeito, entón, isto chega a se converter en atemporal e polo tanto fundamenta o sempre, tanto como o nunca. Pero sobre todo actualiza o agora sen tempo nin lugar.

Pero non é só iso, tamén está a chuvia. Por exemplo. Transpersoal sempre. Lembranza do paso entre mundos Fría e cálida, dadivosa e devastadora cando é torrencial. Recurso de poetas e literatos. De feito o propio Otero Pedrayo fala dela como parte desa saudade e como parte do carácter galego.



Saudade que semella ser certa sacralización da vida cotiá. Algo que en Galicia se fai dun xeito moi particular. A consideración da vida cotiá coma sagrada ven a ser un xeito transitorio que apunta cara a relación entre a orde implicada e a explicada (Grof, 2006, p. 112). Secuenciación que tamén fixo D. Bohm (1987). Así, a chuvia, devén sacro elemento e sinal transcendente. Así a propia chuvia nos leva a eses intres da nova vida na que o veo de Isis fica resgado e ollamos a realidade espida, como di Kersschot:

En algúns instante da nova vida nos imos dar conta de que algúns dos conceptos que considerabamos reais non son en absoluto tan certos e evidentes. Houbo moitos momentos, especialmente na nosa infancia, na que estabamos totalmente absorotos no que acontecía. Estes intres limitrofes son, por exemplo, esas vece na que nos sentimos despreocupados, sentados ao sol... e simplemente estamos alí. Non pensamos, estamos completamente absorbidos polo noso entorno: a herba, as árbores, o vento, nosos brazos, nosa pernas; todo está conectado, todo constitúe un campo de conciencia. Temos estas experiencias cando chegamos ao límite das nosas capacidades de pensar e sentir (2005, pp. 46 e seg.)

Otero Pedrayo, e a súa concepción da paisaxe concorda moito coa perspectiva de Kersschot. Pero non só iso. Da Jandra semella ser chuvioso, torrencial e oceánico, se se me permiten as metáforas. Nos inunda para levarnos a outro estado metal, máis lucido, máis real, con máis dor ás veces, porque xa non fuxe e se ancora na realidade do que é no que está sendo coa radical violencia da primeira seidade. Manifestándose, entón, no plural-equivoco sen deixar de sinalar o centro inmóbil do eterno, do obscuro e do primordial.

Quizais a natureza e a paisaxe, como xa dixo Otero, axuden a isto. A esa transpersonalidade mediada polo húmido e oceánico. Quizáis procure esa disolución da dozura do idioma, na calor do refuxio e a unidade coa realidade druídica de bosques e terras que ollamos na obra de Vicente Risco. Todo elo, digo, apunta ao transpersoa e, estimo, ao galego. Por iso se configura coma fronteira galego-transpersoal. Sería interesante aquí, pero se cadra nos falte algo de



tempo e espazo, achegarnos ao transpersoal mexicano mediado pola voz do deserto e a extrema luminosidade solar.

Coda

O neno que abría estas páxinas xa é un adulto. Seu mundo de cheiros salvaxes e cores vivos é agora un mundo branco e negro. E porén, aí está o neno galego que non o era. Na procura do acceso ao outro lado do espello. Para tentar, así, achar onde é que atopa o real. Pero non importa. Una recorre a sucedáneas para vivir a súa vida. Algún son tan puros que case subliman o baleiro e a anguria. Así esa pulsión de vida e esperanza que percorre a obra de non ficción de Da Jandra coído que é evidente e fundamente provocadora (con cores e alentos oterianos e risquianos). Galego, mexicano, utópico, filósofo, narrador. Todo a un tempo. Posiblemente nada diso en absoluto.

Bibliografía

- Bohm, D. (1987). *La totalidad y el orden implicado*. Barcelona: Kairós.
- Da Jandra, L. (2005). Introducción a la psicología del poder. En Romero Cuadra, J. L. y Álvaro Vazquez, R. *Psicópolis. Paradigmas actuales y alternativos en la psicología contemporánea*. Barcelona: Kairós.
- Descamps, M.A. (2010). En Almendro, M. *La consciencia transpersonal*. Barcelona: Kairós.
- Da Jandra, L. (2014). *Filosofía para desencantados*. Girona: Atalanta.
- Da Jandra, L. (2015). La restauración de la Utopía (Diarios 1999-2012). Editorial Avispero.
- Kersschot, J. (2005). *Nadie en casa. De la creencia a la claridad*. Madrid: Gulaab.
- Liquorman, W. (2005). *Aceptación de lo que es. Un libro sobre la nada*. Madrid: Gulaab.
- Morilla, B. (2011). *Manual Advaita. Claves para el autoconocimiento*. Madrid: Trompa de Elefante.
- Pániker, S. (2008). *Asimetrías. Apuntes para sobrevivir en la era de la incertidumbre*. Barcelona: Ramdon House Mondadori.
- Parsons, T. (2008). *La nada que lo es todo*. Madrid: Gaia.

